

CURSO DE ADAPTACIÓN AO GRAO EN EDUCACIÓN PRIMARIA E.U. DE PROFESORADO DE E.X.B. VIGO

Denominación:

Curso de Adaptación para a obtención do Grao en Educación Primaria (**sen mención**) para estudantes que teñan o título de Diplomado/a en Mestre/a (especialidades en Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Especial, Linguas Estranxeiras, Educación Física e Educación Musical).

Modalidade de ensino:

Presencial

Número de prazas ofertadas para o curso:

10

Créditos totais do curso de adaptación:

O Curso de Adaptación constará dun máximo de 60 ECTS. Proponse un itinerario específico para cada colectivo de acceso que varía no número de créditos e nas materias que deberán cursar en función da especialidade de mestre/a desde a que se accede.

TÍTULO DE ACCESO	Nº de Créditos ECTS
Título de Mestre/a especialista en Educación Infantil	48 CRÉDITOS
Título de Mestre/a especialista en Educación Primaria	36 CRÉDITOS
Título de Mestre/a especialista en Educación Especial	54 CRÉDITOS
Título de Mestre/a especialista en Linguas Estranxeiras	48 CRÉDITOS
Título de Mestre/a especialista en Educación Física	48 CRÉDITOS
Título de Mestre/a especialista en Educación Musical	54 CRÉDITOS

Perfil de ingreso:

Diplomados/as mestres/as nas diferentes especialidades impartidas pola Universidade de Vigo:

- Título de Mestre/a especialista en Educación Infantil
- Título de Mestre/a especialista en Educación Primaria
- Título de Mestre/a especialista en Educación Especial
- Título de Mestre/a especialista en Linguas Estranxeiras
- Título de Mestre/a especialista en Educación Física
- Título de Mestre/a especialista en Educación Musical

Admisión de estudantes:

O órgano responsable da admisión de estudantes será a Xunta de Titulación ou as Comisións nas que delegue.

Establécense tres grupos de acceso para as 10 prazas dispoñibles:

- Diplomados/as pola Universidade de Vigo (5 prazas);
- Titores/as do alumnado de Prácticum da Universidade de Vigo, tanto das antigas Diplomaturas de Mestre/a como do Grao en Educación Primaria (4 prazas);
- Diplomados/as non incluídos/as nos grupos anteriores (1 praza)

De non cubrirse todas as prazas ofertadas para os diferentes grupos de acceso, as ditas prazas poderán ser acumuladas a outro grupo.

Criterios de admisión:

Para cada colectivo, os **criterios de admisión** específicos son os seguintes:

1. Alumnos/as diplomados/as pola Universidade de Vigo que cursaran o Plano de Estudos do ano 2000 (5 prazas):
 - Expediente académico
2. Tutores/as de Prácticum de alumnado da Universidade de Vigo (4 prazas):
 - Tempo de titorización.
3. Diplomados/as non incluídos nos grupos anteriores (1 praza):
 - Expediente académico.

Planificación das ensinanzas:

Os cursos de adaptación planifícanse como un conxunto de materias extraídas do propio plano de estudos do Grao en Educación Primaria. A continuación indicamos os distintos itinerarios que deberán cursar en función da especialidade do título de Diplomado/a Mestre/a (Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Especial, Lingua Estranxeira, Educación Física e Educación Musical)

ITINERARIO CURSO PONTE DO TÍTULO DE MESTRE/A EN EDUCACIÓN INFANTIL PARA A OBTENCIÓN DO GRAO EN EDUCACIÓN PRIMARIA			
CURSO	CUADRIMESTRE	MATERIA	Obrigatoria/Optativa
PRIMEIRO	PRIMEIRO	Psicoloxía. Psicoloxía do desenvolvemento de 6 a 12 anos	Formación Básica
SEGUNDO	SEGUNDO	Matemáticas e a súa didáctica II	Obrigatoria
SEGUNDO	SEGUNDO	Expresión e linguaxe musical	Obrigatoria
TERCEIRO	PRIMEIRO	Didáctica das ciencias sociais	Obrigatoria
TERCEIRO	PRIMEIRO	Didáctica da lingua e literatura: galego/español	Obrigatoria
TERCEIRO	PRIMEIRO	Innovación e investigación didáctica	Obrigatoria
TERCEIRO	SEGUNDO	Educación física e a súa didáctica en educación primaria	Obrigatoria
CUARTO	SEGUNDO	Traballo fin de Grao	Obrigatoria
TOTAL CRÉDITOS		48 CRÉDITOS	

ITINERARIO CURSO PONTE DO TÍTULO DE MESTRE/A EN EDUCACIÓN PRIMARIA PARA A OBTENCIÓN DO GRAO EN EDUCACIÓN PRIMARIA			
CURSO	CUADRIMESTRE	MATERIA	Obrigatoria/Optativa
PRIMEIRO	PRIMEIRO	Psicoloxía. Psicoloxía do desenvolvemento de 6 a 12 anos	Formación Básica
PRIMEIRO	PRIMEIRO	Filosofía. Sociedade, cultura e pensamento	Formación Básica
SEGUNDO	PRIMEIRO	Aprendizaxe e desenvolvemento da motricidade en educación primaria	Obrigatoria
SEGUNDO	SEGUNDO	Expresión e linguaxe musical	Obrigatoria
TERCEIRO	PRIMEIRO	Innovación e investigación didáctica	Obrigatoria
CUARTO	SEGUNDO	Traballo fin de Grao	Obrigatoria
TOTAL CRÉDITOS		36 CRÉDITOS	